


Cómaros. Revista Interdisciplinar de  
pensamento Galego

CIENCIA, INVESTIGACIÓN E EDUCACIÓN NO INFORME SANTOS  
REGO

ANABEL PARAMÁ<sup>1</sup> Y M<sup>a</sup> DEL ROSARIO LÓPEZ  
VILLEGAS<sup>2</sup>

<sup>1</sup> GIR TRANS-REAL - LAB. UNIVERSIDAD DE VALLADOLID/CENTRO DE EDICIÓN  
Y ANÁLISIS "GALLAECIA"

<sup>2</sup> INVESTIGADORA INDEPENDENTE.



Recibido: 10/08/16 Aceptado: 15/09/16



Cómaros. Revista Interdisciplinar de Pensamento Galego is licensed under a [Creative Commons Reconocimiento-Compartir Igual 4.0 Internacional License](https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/).

## Cómaros. Revista Interdisciplinar de pensamento Galego

A educación é un dos subsistemas cuxo desenvolvemento trae consigo un fornecemento do sistema social, entendido este en xeral. A Xunta de Galicia e as Universidades galegas levan tempo desenvolvendo informes deste tipo amosando o traballo investigador a prol da educación por parte dos grupos de investigación galegos. Có devandito queda clara a enorme relevancia que ten facer traballos como o que queremos dar en chamar como *Informe Santos Rego*.

Este informe leva por título *A investigación educativa en Galicia 2002-2014 (Santos Rego, 2016)* e está publicado na editorial Galaxia. Nel teñen colaborado científicos das tres Universidades galegas. Este informe ten unha grande relevancia xa que axuda a facer visíbel as achegas que se están a desenvolver no noso país dende as institucións de ensinanza superior. Porén, inda que é evidente que todo traballo ten limitacións, tería sido moi interesante que o informe tivera en conta traballos sobre o sistema educativo galego non desenvolvidos por profesores das Universidades galegas. Non obstante, supoñemos que o obxectivo é por en valor as ciencias educativas financiada con cartos galegos. Iso fai que toda a ciencia galega, non desenvolvida en Galicia, non teña cabida neste importante informe. Pero esa é unha suposicións.

No Informe Santos Rego faise un percorrido sobre as investigacións nas diversas áreas de coñecemento relativas ás ciencias da educacións e se nos amosa a produción científica nestas áreas. A obra colectiva amosa o importante traballo que se está a desenvolver en Galicia. Amais diso tamén é destacábel o forte condicionante que o devir do sistema tecnocientífico está xerando no subsistema educativo. De facto, salientase –dun xeito constante– que a publicación en revistas indizadas no *Journal Citation Reports* é un aspecto moi relevante na actualidade. Neste sentido considérase que a publicación neste tipo de revistas é o que nos permite contrastar o nivel de internacionalización do traballo científico.

O proceso de globalización no que nos atopamos inseridos na actualidade fai que unha das grandes preocupacións do noso sistema tecnocientífico sexa, precisamente,



## Cómaros. Revista Interdisciplinar de pensamento Galego

este proceso de internacionalización da produción científica galega. Miguel Anxo Santos Rego e Alfonso Barca Lozano, de facto, salientan este elemento como un aspecto fundamental no proceso de xeración de coñecemento educativo. Porén, é evidente no devandito informe que a cultura do artigo científico inda non está totalmente establecida no proceso de publicación do traballo científico.

Os libros monográficos ou colectivos seguen tendo una grande importancia na ciencia galega polo que poderíamos indicar que o subsistema educativo galego actual precisa de adoptar as esixencias internacionais neste eido.

Somos conscientes que a calidade das publicacións non se pode medir exclusivamente pola revista na que se publica (Valero et al., 2013). Pero é inevitábel que as ciencias da educación teñan que cumprir o que o procedemento de internacionalización do coñecemento require. Evidentemente este feito fai que a ciencia *en galego* vexa fortemente condicionada a súa promoción no sistema tecnocientífico. Isto é certo. Pero consideramos que, entón, a cuestión non é tanto evitar as revistas do *Journal Citation Reports* se non facer causa común para tentar promover unha publicación científica en galego e có meirande nivel de internacionalización posíbel.

Galicia, neste traballo, saca peito do esforzo colectivo. Hora ben, cómpre saber se este esforzo está a ter resposta nos outros axentes do sistema educativo. É dicir estase a producir a chamada transferencia de coñecemento?. Ou, o que é o mesmo, os colexios galegos están a empregar o saber das Universidades galegas? A nosa hipótese de partida –e que pode ser unha resposta tentativa a estes cuestionamentos– é que non existe tal transferencia. O sistema de educación universitaria e os de educación secundaria, primaria e infantil (por non falar xa da Formación profesional) están virados de costas.

Isto só é unha intuicións, polo tanto non ten valor científico. Cumpriría tentar analizar este feito e dar unha resposta clara. Se as diferentes institucións do sistema educativo non dialogan entre si e non existe tal transferencia de coñecemento, entón o sistema educativo só se move por imperativo legal. De ser isto así o sistema



## Cómaros. Revista Interdisciplinar de pensamento Galego

educativo galego tería, ao noso entender, un serio problema. Polo contrario, se efectivamente se está a producir esa transferencia, entón é preciso fornecer inda máis o diálogo intrasistémico.

Cando un lector se achega a este informe bota en falta unha análise máis aquela do traballo científico. É dicir, coidamos que sería moi positivo para as ciencias da educación galegas que se producira un esforzo de posta en común colectivo dos aspectos máis relevantes para as diferentes áreas do sistema educativo universitario galego. Deste xeito o lector podería ter máis doado o acceso a este coñecemento. Dito doutro xeito, o traballo semella estar escrito para outros científicos, non para os docentes. Non sabemos se este era o obxectivo do *Informe Santos Rego* pero, dende logo, esa é a sensación que produce.

Como ben salienta o coordinador da obra, a obra colectiva amosa o esforzo de traballar en rede. Pero preguntámonos se sería preciso formalizar esta rede de investigación educativa galega na que tamén tiveran cabida profesorado non universitario e científicos de fora de Galicia. Deste xeito as ciencias da educación galega podería ir cara retos máis potentes onde o esforzo colectivo sexa maior.

Sen ningunha dúbida os retos son enormes e as necesidades de seguir traballando tamén. Con este informe se chega a dar un primeiro paso, ben sólido, pero non pode ser o último.

### BIBLIOGRAFÍA

Santos Rego, M. A. (Ed.) (2016). *A investigación educativa en Galicia 2002-2014*. Vigo: Galaxia

Valero Matas, J. A.; Jiménez García, E. y Coca, J. R. (2013): "La perspectiva socio-hermenéutica en la

evaluación del trabajo científico en España", *Investigación bibliotecológica*, 27/ 59: 15-34.

